# EFEGA impartirá cursos de primeiros auxilios á Sociedade Deportiva Ribadeo

**O equipo técnico e directivo da sociedade ribadense recibirá a formación necesaria para facer fronte ás principais emerxencias sanitarias sufridas polos deportistas.**



*Integrantes dun equipo infantil da S.D Ribadeo á finalización dun encontro*

13/11/09 A Sociedade Deportiva Ribadeo, responsábel da xestión das escolas deportivas municipais, recibirá cursos de primeiros auxilios impartidos pola Asociación Cultural EFEGA (Educación e Formación en Emerxencias Sanitarias de Galicia) para que o seu corpo técnico e deportivo estea preparado para dar resposta ante calquera incidente ocorrido durante a práctica deportiva.

A sociedade deportiva amosou a súa preocupación polos recentes acontecementos ocorridos durante a celebración de encontros de fútbol de categorías superiores, que se saldaron co falecemento de deportistas, polo que tanto adestradores como directivos realizarán os cursos impartidos por EFEGA. Deste xeito, os xóvenes deportistas Ribadenses poderán sentirse máis seguros durante encontros e adestramentos.

**A Concellería da Muller de Ribadeo impartirá charlas de primeiros auxilios.**

Por outra banda, o Concello de Ribadeo, sumase a outros municipios galegos á hora de convenir con EFEGA a utilización de dependencias municipais para impartir cursos de formación a cambio de charlas sobre soporte vital básico. En concreto, será o departamento de muller que dirixe a nacionalista Mari Luz Álvarez Lastraserá o encargado de organizar estas charlas.

Froito desta colaboración, EFEGA impartirá xa o vindeiro día 28, un curso de desfibrilación semiautomática oficial, que conta coa acreditación da Sociedade Española de Menciña de Urxencias e Emerxencias e da American Heart Association.

Os interesados poden informarse a través da páxina web [www.efega.eu](http://www.efega.eu) ou no enderezo de correo [info@efega.eu](mailto:info@efega.eu).